

## Versos e imaxes contra os silencios herdados

**Unha orixinal reflexión de Irene Tomé e Xabier Ron, en poemas e fotografías, sobre a memoria histórica.**



Formato: 19 x 14 cm. 68 pp. ISBN 978-84-16460-76-2 PVP: 13 €

SANTIAGO DE COMPOSTELA, MARZO DE 2020.- Versos e imaxes que loitan contra o esquecemento imposto, contra os silencios herdados. Velaquí a primeira obra de Irene Tomé e Xabier Ron, *Os EXILIOS QUE SOMOS* (Alvarellos Editora, 2020). Poemas e fotografías que evocan unha memoria persoal que é tamén común a centos, a miles de familias galegas e españolas que viviron a lousa da guerra civil e da ditadura. Versos mancados, espazos en branco e síncope como atrancos da memoria. Canda eles, imaxes que buscan ocos de luz entre densas brumas; retratos de fendas, depósitos de cinsas...

Mais tamén, fronte a todo, os rostros da dignidade e da resistencia. É a historia que turra de nós, que porfía, por non estar resolta aínda.



*Somos Xabier Ron Fernández (Lyon, 1969) e Irene Tomé Urresti (A Coruña, 1985), docente e xornalista que compartimos o mesmo ollar sobre a memoria histórica e democrática do noso país. Por medio de fotografías, que se foron facendo durante os últimos quince anos, acompañadas de poemas, queríamos dar voz, dentro da súa dificultade, á memoria das persoas que viviron a guerra ou o exilio dende unha experiencia persoal, que soe ir da man de silencios e esquecemento; aínda que tamén de resistencia e de experiencias propias que dan lugar a reflexións compartidas. Este é o xerme do presente fotopoemario.*

**Xabier Ron** é doutor en Filoloxía Románica pola Universidade de Santiago de Compostela (USC) e **Irene Tomé** é xornalista e investigadora sobre Memoria Histórica na mesma universidade, e ambos investigan no campo do Discurso e da Memoria Histórica. No eido da poesía, publicaron en 2017 o poema "As fendas do Pico Sacro", que forma parte do libro colectivo *Pico sacro: ferido polo lóstrego e a lenda* (Alvarellos Editora), en edición ao coidado de Miro Villar e Xosé Manuel Lobato.

Fotografía dos autores: Amador Lorenzo Blach

**Contacto: Irene Tomé 625 97 55 20 irenetomeurresti@gmail.com Xabier Ron: 639 82 38 03 iograr@yahoo.es**

